

## **Grupos de metal do I Certame MÚSICAXOVE´08**

1.- Deserve: o grupo formouse de xeito casual, cando un día calquera coincidiron dous compañeiros do instituto: Michel e Santi. Deuse a casualidade que os dous amigos compartían afección por tocar a guitarra e a química entre ambos non tardou en aparecer. Así xurdiu a idea de formar un grupo, coa axuda dun terceiro, Jose, e o resto de integrantes da banda. Tras un tempo de busca intensa a formación pechouse con Michel á guitarra, Jose como guitarrista, Santi á batería, Pat como baixista e o último en chegar, Miki como vocalista.

2.- The Weak Force: grupo de catro amigos que se xuntaron para ensaiar no local do Concello: José M<sup>a</sup> Sierra (guitarra), Pablo Antorrena (batería), Miguel (baixo) e Xan Santos (voz e guitarra). Tocan temas dos seus grupos preferidos e improvisan e compoñen os seus propios. Xiran ao redor do heavy, rock e punk metal.

3.- Codename: nace en 1998 cuns primeiros anos tanteando diferentes estilos dentro do rock e do metal. O estilo de corte máis clásico nos seus principios comeza a adquirir unha maior personalidade cando se incorporan novas tendencias e outros estilos como o funk ou o jazz. Con influencias tan dispares como Pantera, Faith no more, Testamento ou os Red Hot a base rítmica composta por Pablo Veiga (batería) e Jano (baixista), viaxa a medio camiño do funk e do rock, e serve de base a unha guitarra rítmica, Sergio, que achega unha novidosa visión Thrash, mentres a guitarra solista, Alberto Veiga, toca paos tan diferentes como o metal clásico, o jazz ou o funk nunha fusión de excelente factura. O resultado final conclúe coas voces de Ferny, que trata de dar unha visión máis actual e directa dentro do grupo. A banda tocou con grupos como Barón Rojo, Trilogy, Embrace Me ocean ou Icewind. Codename grava no ano 2005 un demo en inglés con catro dos seus temas máis representativos e actualmente dispónse a realizar unha nova gravación que terá como cambio significativo o idioma, con letras en castelán. Trátase dunha autoprodución que recollerá unha década de traballo musical.

4.- Thinking Twice: hai dous anos comezou un proxecto composto por cinco rapaces cun obxectivo común: consolidar unha banda o máis profesional posible e con estilo propio. Algúns deles tiveron que mercar o seu equipo de música, sacrificar moito tempo, investigar e discutir sobre música. Os compoñentes do grupo son: Guillermo á batería, que actualmente estuda música e traballa nunha orquestra; Fran, o guitarrista, con experiencia en orquestras, grupos de rock e conservatorio; Jesús "Suso", como baixo; Dani, o DJ e encargado dos teclados; e finalmente Thais, a cantante, peza clave do grupo que posúe unha voz maxestuosa, ademais de estudante de maxisterio musical, alleccionada á ilustración, fotografía e artes plásticas en xeral. O grupo ten unha traxectoria relativamente curta que comezou en 2005.